

CIRCULAR INFORMATIVA

CONVOCATORIA da elección de representantes ao Consello Escolar do alumnado

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18-09-2024), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:


Primeiro.- Conforme o establecido no artigo 11 apartado 13 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias, corresponde elixir no presente proceso electoral a 2 alumnos/as que rematarían o seu mandato en 2028 a persoa que obteña maior número de votos e en 2026 a seguinte, dun total de 3 que debe ter o Consello Escolar.

Segundo.- Son electores todo o alumnado matriculado neste Centro en Educación Secundaria Obrigatoria e incluídos/as no Censo correspondente exposto no taboleiro de anuncios do centro e visible unicamente desde o interior, a partir da data desta convocatoria. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 5 de novembro.

Terceiro.- Son elixibles os alumnos/as que, estando incluídos no Censo electoral correspondente, formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilita na Secretaría do Centro. As candidaturas poderanse presentar a partir da data desta convocatoria e ata as 14:00 horas do día 5 de novembro.

Cuarto.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público o, entre o alumnado que non se presenten como candidatos/as, o día 6 de novembro, ás 17:55 horas. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e dous alumnos/as actuando de secretario/a o/a de menor idade.





Quinto.- A campaña electoral comprenderá dende a data na que se proclamen os candidatos/as ata o 17 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Centro. O día 18 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

Sexto.- Poderán actuar como supervisores/as da votación alumnado matriculado no Centro que sexa proposto/a e que estean avalados/as, cando menos, pola firma de 10 electores/as

Sétimo.- As votacións realizaranse neste Centro o día 19 de novembro, de 9:30 a 11:00 horas.

A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 9:20 horas.

Oitavo.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **dun** nome dos/as candidatos/as presentados/as, debendo acreditar a súa personalidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado. Non se admitirá o voto por correo.

Noveno.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e, unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío á Xunta Electoral do Centro.

Décimo.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Miño, na data da sinatura electrónica.

O Director do Centro e Presidente da Xunta Electoral,

Juan Luis García Díaz

